


JOSÉ FREIXANES

ETERNOS SON OS SOÑOS / Obra pictórica 2006-2025



Do 23 de xullo ao 27 de setembro de 2026
EDIFICIO CASTELAO / MUSEO DE PONTEVEDRA



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA

museo.depo.gal

**DOSSIER PARA
MEDIOS DE
COMUNICACIÓN**

***José Freixanes,
eternos son os
soños.***

***Obra pictórica
2006-2025***

Do 23 de xullo
ao 27 de setembro
de 2026

Comisario:
Xosé Luis García
Canido


Museo de
Pontevedra,
Edificio Castelao

Eternos son os soños móstranos unha escolma das pinturas que José Freixanes (Pontevedra, 1953-Madrid, 2025) concluíu nos seus derradeiros vinte anos, os que transcorren entre *Al final del amanecer* (Casablanca, 2006), *Voces de basalto negro* (Damasco, 2007) e novembro de 2025, data do seu falecemento. Aquelas intervencións efémeras permaneceron como un manancial eterno ao que sempre acudiu, como unha semente que revive, se multiplica e se transforma a través dun interminable proceso de creación, preservación e destrución, que se repite circularmente.

Entre outras, a exposición recolle obras de series como Eclipse lunar, Feito e des-feito, Comportamentos ou Fíos, testemuños dunha vida que se desenvolve a xeito de viaxe no tempo e no espazo. Cada cadro deixa de ser un obxecto illado para formar parte dunha polifonía a través da que se nos invita a revisar algúns dos paradigmas que sustentan a sociedade contemporánea. Con actitude curiosa ante o alleo e insubmisión fronte aos prexuízos, as creacións de Freixanes caracterízanse por un desexo de entender ao “outro” e por unha procura constante do afastado, que

tamén implica esa experiencia singular do retorno a un mesmo.

A mostra evidencia tamén a súa paixón pola artesanía e a conexión entre pintar, escribir e coser en canto xestos íntimos que posibilitan novos universos a partir da nosa capacidade innata para soñar. A través do fío e unha excepcional habilidade para transformar a memoria das tradicións populares como ferramentas poderosas de creación, o artista galego xerou unha nova forma de escritura, singular e misteriosa, coa que profunda nun xogo metafórico sobre o comportamento humano e en conceptos vencellados coa diversidade, a diferenza e a globalización.



Salto


Acrílico e óleo sobre lenzo
2011

A semente desta exposición hai que buscala nas dúas intervencións que José Freixanes (Pontevedra, 1953 – Madrid, 2025) desenvolvera na igrexa do Sacré Coeur de Casablanca en 2006 e en 2007 no Khan Assad Basha, unha antiga pousada construída en 1753 ao sur da Gran Mezquita Omeya para os comerciantes que facían a ruta da seda. En ambas empregou a técnica do *kolam*, unha práctica realizada con po de arroz que o artista galego aprendera na súa primeira viaxe ao sur da India en 1995. Cada mañá, millóns de mulleres repiten este ritual na entrada das súas casas como un xeito de invocar á divindade e á harmonía. Cada deseño desvanécese ao longo do día e só algúns permanecen no recordo como un soño.

Al final del amanecer, título da obra que concibiu para a capital marroquí, é un mural multicolor, «un cadro feito coa pel dos inmigrantes» en palabras do autor. Realizado baixo a súa dirección por un grupo de estudantes de Belas Artes españois e marroquí, que teceron prendas de vestir de persoas estranxeiras para crear unha inmensa *jaima* de máis de 600 metros cadrados. Non pretende afirmar nin definir nada. Tan só é un conxunto de preguntas formuladas en forma de imaxes. Conceptos contrapostos entre si que ao ocupar un mesmo espazo nos transmiten algunhas inquietudes como o permanente e o efémero, a riqueza e a pobreza, o nómade e o sedentario, entre occidente e oriente.



Voces de basalto negro, o proxecto de Siria, é un amplo debuxo realizado en po de basalto negro sobre un gran manto de fariña de arroz que transcribe en círculos seis clases de caligrafía árabe fragmentos de once poetas: Abdelkebir Khattibi, Alfonso Pexegueiro, Ali Ahmad Said (Adonis), Álvaro Cunqueiro, Antonio Gamoneda, Badr Shakir Al-Sayyab, Chantal Maillard, José Ángel Valente, Mahmoud Darwich, Mohammad Al-Maghut e Nizar Qabbani. A obra persegue alcanzar coa beleza unha actitude do visitante contra posturas belicosas e, por tanto, irracionais. A estética e a arte actúan aquí como ferramentas de diálogo e de comprensión.



PROGRAMACIÓN COMPLEMENTARIA

Visitas guiadas

Os domingos ás 12:00 h

A partir do 2 de agosto

Inscripción previa en museo.depo.gal

Xornada arredor de José Freixanes

Xoves 3 de setembro, ás 19:00 h

Intervención de Víctor F. Freixanes, escritor e
irmán de José Freixanes

Mesa redonda:

Víctor F. Freixanes

Asunta Rodríguez, directora da galería

Trinta

Mercedes Rozas, crítica de arte

Modera: Xosé Luis García Canido, comisario
da exposición

Recital poético

Venres 25 de setembro, ás 19:00 h

Alberto Avendaño



La mancha

Técnica mixta sobre lenzo
2002

SOBRE JOSÉ FREIXANES

Extractos do catálogo da exposición (en preparación)

Tentar definir unha persoa a partir dos territorios nos que viviu sempre é complexo. (...) Estou segura de que, para moitos, Jose Freixanes foi, en orixe, un galego que acabou tendo como auténtica patria non o seu lugar xeográfico de nacemento, nin sequera naqueles lugares nos que viviu, senón, máis ben, o espazo emocional e relacional construído a través dos vínculos afectivos e das amizades de verdade que foi fraguando ao longo dos anos.

Fixo da práctica artística unha forma de coidado, unha ética da atención e unha maneira de habitar o mundo. (...) Desde Pontevedra a Jaipur, Rabat, Casablanca, Damasco, Madrid e Selecta, Jose Freixanes explorou en primeira persoa a riqueza das influencias culturais.

Asunción Lozano

Enfiaches unha restra de insultos, inxurias e vituperios porque, dixeches, acababas de pisar o cadro deitado polo chan e quedaches alí, quieto-parado e matinando... Ata que sentín a túa voz dicir nun salaio máis de vitoria que de resignación: 'Non quedou mal!'. Acababas de aceptar e incorporar a túa pisada accidental sobre o lenzo e eu sentínme daquela parte do teu proceso artístico.

Danza e debuxo, corpo e forma. O xesto é un trazo e o trazo un alento, dixeches naquela fermosa conversa con Chantal Maillard, a túa poeta de cabeceira... concluíches que o ideal sería 'que os xestos se nos quedasen habitando'.

Alberto Avendaño

José Freixanes non se deixou nunca 'deprimir' polos discursos (retorizados e inerciais) do (presunto) fin da pintura, nin tampouco se entregou meramente á fascinación polo monocromo, que suxire o baleiro, na obra deste *apaixonado* creador galego non hai tanto 'minimalización', senón un desexo de comprometer *a arte* co 'xusto' en tempos (certamente) exasperados.

José Freixanes despregou unha *estética comprometida* na que o outro non estaba 'sublimado' nin derivaba (como adoita ocorrer) cara á exotización. Preocupáballe, de maneira radical, a *condición migrante* e a falta completa de hospitalidade nunha época (pretendidamente) globalizada. O seu imaxinario foi, ao mesmo tempo, sedimentando a amargura do que busca un mundo mellor e, ao mesmo tempo, materializou espazos de *acollida*, lugares onde podería producirse un encontro pacífico das *diferenzas*.

Fernando Castro Flórez

Imaxínoo no corazón dun dos zocos máis grandes do mundo situado na capital siria, no Khan Asad Pasha. (...) Freixanes movendo a batuta, dirixindo con estilo dinámico, enfoque innovador e grande expresividade emocional máis de 60 alumnos e alumnas das facultades de Belas Artes de Damasco e Granada, facéndolles sentir as cóxegas da xestación da obra.

Na súa obra non hai límites, hai expansión; cruza mares e desertos para abrir portas á diversidade coa alquimia da memoria. (...) Cada material é unha voz; cada textura, un idioma; cada cor, unha ponte. (...) El non impón mensaxes, suxíreas coa elegancia de quen sabe que a beleza tamén pode ser unha forma de resistencia.

Fina Casalderrey

Un cadro pode reproducirse, exporse, mercarse. Unha alfombra de flores do Corpus, non. Existe no momento e no

lugar. (...) Isto é o que democratiza as artes efémeras. Non poden posuírse, non poden mercarse nin gardarse. Son algo que se vive, e que despois pode narrarse.

Os seus comentarios precisos e incisivos convivían co bo humor e cunha actitude positiva, case irreverente, fronte á vida; que quedou cifrada nunha frase dita entre risas, ao fío dun accidente de tráfico do que saíra indemne de milagre, mentres transportaba sobre o capó do coche unha rocha para unha instalación: 'na arte efémera, o máis efémero é o artista'.

Laura Porto

Pero ti teimabas en abrir un camiño propio e apostar polo artista, e pintabas, pintabas, pintabas, ata que chegaron as oportunidades. (...) As vosas viaxes á India, ti e mais Olvido, que tanto vos marcaron, pois alí atopastes a alegría dos vosos fillos, son un fito fundamental non só na vosa biografía senón na esencia da túa creación artística.

A arte é sempre un problema, unha ecuación, un enigma que cómpre resolver, ou polo menos ensaiar fórmulas para resolvelo. (...) Cada cadro é un desafío, unha viaxe, igual que na novela ou no texto literario. Un diálogo co mundo e mais con nós, coas nosas teimas e cos propios fantasmas. Un camiño cara ao coñecemento.

Víctor F. Freixanes

Miradas

Acrílico sobre tea estampada e
bordada
2020



Contacto de comunicación:

Moisés Álvarez Jorge

+34 659 205 849

moises.alvarez@depo.gal

<https://museo.depo.gal>



Deputación
Pontevedra



MUSEO
PONTEVEDRA